



6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓN REAIS	3,6%	40.000
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	15,6%	175.329
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL			
			14,6%
			215.329
TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS			
B) OPERACIÓN FINANCEIRAS			
8	ACTIVOS FINANCEIROS		
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,4%	5.000
TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS		0,4%	5.000
TOTAL ESTADO DE INGRESOS (A+B)			
		100,0%	1.123.511

O capítulo 1 reflicte unha variación de 17.400 euros, que recolle unha vairación de incremento no padrón do IBI.

O Capítulo 2, conta cunha previsión de 5.000 € acorde coas previsións dos ingresos procedentes do Imposto sobre Construcións.

O capítulo 3, de taxas e outros ingresos, hai un incremento das previsións de + 51.000 euros cuantitativamente importante polas previsións de obro da taxa de auga e saneamento e polas actualizacións de ingresos doutros servizos.

O capítulo 4, por transferencias correntes, hai un incremento das previsións de 117.882 euros que reflicte as transferencias doutras administracións.

O capítulo 5, ingresos patrimoniais, non ten incidencia.

O capítulo 6, ingresos por alleamento de inversións reais reflicte a posible venda inmobles municipais.

O capítulo 7, correspondente ás transferencias de capital reflicte un incremento do 124.329 euros procedentes doutras administracións.

O capítulo 9, pasivos financeiros, non reflicte variación algunha.

2.- Operacións de crédito previstas.

Non se contempla a formalización de ningunha operación de préstamo a longo prazo.

3.- Suficiencia dos créditos.

O estado de gastos para o exercicio 2019 acada un importe total de 1.123.511 euros en equilibrio co estado de ingresos.



CAP	DENOMINACIÓN	%	CREDITO
B) ESTADO DE GASTOS			
CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.- RESUMO POR CAPITULOS.			
C) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS			
C.1) GASTOS CORRENTES			
1	GASTOS DE PERSOAL	41,13%	462.103
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	24,71%	277.588
3	GASTOS FINANCEIROS	0,62%	7.000
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3,39%	38.136
TOTAL GASTOS CORRENTES		69%	784.827
C.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL			
6	INVERSIÓNS REAIS	24,66	277.037
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,0%	0
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		24,66%	277.037
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS			1.061.864
D) OPERACIÓNS FINANCEIRAS			
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,0%	0
9	PASIVOS FINANCEIROS	5,49%	61.647
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		5,49%	61.647
TOTAL ESTADO DE GASTOS (C+D)		100,0%	1.123.511

Os créditos previstos nas distintas partidas de gastos considéranse suficientes para atender o cumprimento das obrigas esixibles e mesmo para atender os gastos de funcionamento dos distintos servizos.

No capítulo 1, por gastos de persoal, hai unha variación do gasto de 105.220 euros. O incremento responde as previsións de convenios de fomento do emprego e financiación de servizos-extinción incendios, empregabilidade e a prol rural. Non se contemplan os incrementos que os Orzamentos Xerais do Estado establezan para os traballadores da Administración Local que posteriormente haberá que incorporar.

No capítulo 2, hai unha variación de 41.628 euros, que representa un incremento, con respecto á previsión inicial do exercicio 2018 que, ademais das variacións ordinarias propias do exercicio, contempla o pagamento do custe detallado dos servizos municipais: deberá realizarse unha contratación axustada a nova Lei de Contratos en moitos dos suministros existentes correspondentes a auga, lixo e saneamento e outros.



No capítulo 3, por gastos financeiros, hai unha baixa de 5.000 euros pola cancelación anticipada de préstamos no 2018.

No capítulo 4, o incremento é de 21.136 euros.

O capítulo 6, por inversións reais, rexistra un incremento de 196.680 euros, con respecto ó exercicio 2018. Tendo en conta que no plan de axuste o investimento *limitarase á execución de proxectos que contan cun grao de financiamento alto e cun estudo de viabilidade e de análise de custo/beneficio favorable* (medida 11), convén ter en conta esta circunstancia e non acometer investimentos que non teñan un financiamento externo confirmado e firme.

Deberá priorizarse a contención do gasto con fondos propios.

4.- Aforro neto.

4.1. Datos resultantes da estimación da liquidación do orzamento 2018:

PREVISIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO EXERCICIO 2018		
Capítulos	INGRESOS	GASTOS
	Dereitos Recoñecidos Netos (DRN)	Obrigas Recoñecidas Netas (ORN)
1	166.000	420.000
2	3.000	330.000
3	65.000	12.000
4	590.000	17.000
5	0	
SUMAS	824.000	779.000

4.2. Estado dos préstamos a longo prazo formalizados:



ENTIDADE	SALDO a 31-12-2018	AMORTIZACIÓN 2019	INTERESES	SALDO a 31-12-2019
BBVA Importe inicial 165.000€ Remata 31-12-2029 Ano formalización 22-06-2010	100.833,52 €	MARZO 2.291,66€ XUÑO 2.291,66€ SETEMBRO 2.291,66€ DECEMBRO 2.291,66€	1.206€	91.666,88€
BANCO POPULAR Importe inicial 107.500€ Remata 31-12-2025	94.062,50 €	ANUAL A 31-12 IMPORTE 13.437,50 €	1.409,32€	80.625 €
BANKINTER Importe inicial 416.609,76€ (2012) Remata maio 2026 Carencia ata 29-05-2021	312.457,29 €	CARENCIA ATA MAIO 2021 Cuotas anuais a partir do 29 de maio 52.900 €	3.546,35€	312.457,29€
TOTAIS	507.353,31€	22.624,14€	6.161,67€	484.749,17€

Hai que ter presente que asimesmo no 2018 liquidouse en acordo extraxudicial con GAS NATURAL FENOSA unha débeda contraída dende o 2015 facendo fronte no 2018 a pagos por importe de 97.448,04 €, quedando pendente para o 2019 cuotas con vencemento mensual por importe de 7.758,60 € que representan 93.103 € anuais.

No 2018 coa cancelación anticipada de 62.774 €, a amortización ordinaria de 57.041,30 € os intereses por importe de 6.927,23 € e os pagos atrasados a Axencia Tributaria Galega por importe de 7.248,80 €, fíxose fronte ao pago de débeda municipal por importe global de 231.439,07 €. Unha cantidade que representa casi o 30% dos ingresos previstos no 2018, e da conta do esforzo municipal para reducir a elevada débeda existente no Concello, estando ao día asimesmo no pago ao persoal e aos provedores do Concello.

Estimación das anualidades teóricas de amortización, por entidades bancarias:

ENTIDADE	COTA ANUAL DE
BBVA	10.372,64
BANCO POPULAR	14.846,82
BANKINTER	3.546,35
SUMAS TOTAIS	28.765,81

Aforro Neto = D.R.N. (Cap. 1-5) - O.R.N. (Cap. 1,2,4) - A.T.A.

Aforro Neto = 824.000 - 779.000 - 28.765,81

Aforro Neto = 16.234,19 euros.

A Mezquita, a 15 de Outubro de 2018.

O Secretario-Interventor

Francisco García Suárez.

(asinado electrónicamente na marxe)